**D E P U T A C I Ó N   P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 27 de XUÑO DE 2003**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 27 de xuño de 2003, ás DOCE HORAS.

**ASUNTOS**

**Central-Actas**

1.-Aprobación das actas plenarias seguintes: extraordinaria nº 7/03, de 23 de maio e ordinaria nº 8/03, de 6 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións da presidencia, da nº 8.200 á nº 9.599, de 2003.

**Cooperación e asistencia ós concellos**

3.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Parque Público nas Modias" do Concello de Cabanas, incluída no POS 2001. Código 01.2100.0074.0.

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Elevación dunha planta Casa do Concello de Boimorto", incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS 2002. Código 02.3820.0008.0.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**D E P U T A C I Ó N   P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XUÑO DE 2003.**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xuño de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES**:

| | |
|---|---|
| DON JOSÉ BLANCO PAZOS | PP |
| DON JUAN BLANCO ROUCO | PP |
| DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA | PSOE |
| DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA | PP |
| DON ANTONIO ERIAS REY | PP |
| DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA | PP |
| DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ | PSOE |
| DON FÉLIX PORTO SERANTES | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES | PP |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ | PSOE |
| DON MIGUEL PRADO PATIÑO | PP |

| | |
|---|---|
| DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA | PSOE |
| DON AUGUSTO REY MORENO | PSOE |
| DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL | BNG |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP |
| DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON MANUEL VARELA REY | PP |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |

Escúsanse os Sres. Campo Fernández e González Garcés e a Sra. Candocia Pita.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.-APROBACIÓN DAS ACTAS PLENARIAS SEGUINTES: EXTRAORDINARIA Nº 7/03, DE 23 DE MAIO E ORDINARIA Nº 8/03, DE 6 DE XUÑO**.

Apróbanse as actas plenarias seguintes: extraordinaria nº 7/03, de 23 de maio e ordinaria nº 8/03, de 6 de xuño.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 8.200 Á Nº 9.599, DE 2003**.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 8.200 á nº 9.599, de 2003.

**3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PARQUE PÚBLICO NAS MODIAS" DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NO POS 2001. CÓDIGO 01.2100.0074.0**.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Visto o proxecto modificado con diminución de presuposto que presenta o Concello de Cabanas para a obra "Parque público nas Modias" incluída no POS 2001. Código: 01.2100.0074.0, con motivo da resolución do contrato inicialmente adxudicado

polo concello, no que se recollen as unidades de obra pendentes de executar do proxecto inicial, para efectos de realizar unha nova licitación

1º Aproba-lo proxecto modificado da obra incluída no POS 2001 sendo os seus datos os seguintes:

| Cabanas | 01.2100.0074.0 | Parque público nas Modias |
|---|---|---|

| | PROXECTO INICIAL | | NOVO PROXECTO | |
|---|---|---|---|---|
| | **Presuposto contrata** | **Presuposto adxudicación** | **Presuposto contrata** | **Novo proxecto menos axudicación inicial** |
| Deputación fondos propios | 38.384,05 | 38.384,05 | 38.384,05 | 0 |
| MAP | 8.294,84 | 8.294,84 | 8.294,84 | 0 |
| Totais contables | 46.678,89 | 46.678,89 | 46.678,89 | 0 |
| Concello | 13.422,33 | 11.919,79 | 12.120,65 | 200,86 |
| **TOTAL** | **60.101,22** | **58.598,68** | **58.799,54** | **200,86** |

2º.- A aprobación do presente proxecto modificado con diminución do presuposto non supón alteración das achegas do MAP e a Deputación posto que unicamente implica unha variación da achega municipal. O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/911A/76240 do Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e de Rede viaria local (POS).

3º.- Dispoñer a súa publicación no BOP para efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remiti-lo expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artgº 29.2 da Lei 6/1997 de 14 de Abril, de organización funcionamento da Administración xeneral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

5º.- Remiti-lo expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

6º.- Remiti-lo expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia,

debéndose entender emitido informe favorable no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude."

**4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "ELEVACIÓN DUNHA PLANTA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO", INCLUÍDA NO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS 2002. CÓDIGO 02.3820.0008.0**.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Visto o proxecto reformado con incremento da obra "Elevación dunha planta casa concello" do Concello de Boimorto, incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS 2002. Código: 02.3820.0008.0, presentado polo citado concello.

1º.- Aproba-lo proxecto reformado da obra "Elevación dunha planta casa concello" do Concello de Boimorto, incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS 2002. Código: 02.3820.0008.0. O proxecto reformado implica un incremento no presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

| **02.3820.0008.0** | **Elevación dunha planta casa concello.- Concello de Boimorto** | | |
|---|---|---|---|
| | **Proxecto inicial** | **Proxecto reformado** | **Diferencia** |
| Deputación | 87.087,00 | 87.087,00 | 0 |
| Concello | 182.091,00 | 229.234,25 | 47.143,25 |
| TOTAL | 269.178,00 | 316.321,25 | 47.143,25 |

2º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación

3º.- Remiti-lo expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe ó respeto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción."

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.